



Alcalde-Presidente do Concello de PONTECESO
Rúa Concello , nº 18.
15110 – PONTECESO (A CORUÑA)

Expte. Nº: **IN661A 2018/1-1 (expropiacións)**

ASUNTO: EXPROPIACIÓN PARA IMPOSICIÓN DE SERVIDUMES DE PASO, SOBRE BENS E DEREITOS AFECTADOS POR INSTALACIÓNS EÓLICAS.

Actas previas.

Aos efectos do levantamento da acta previa á ocupación, a partir das 9:15 horas, das fincas propostas neste proceso expropiatorio, nas oficinas desa Casa Consistorial ou local que se habilite, prégoles a súa comparecencia ou a do Concelleiro no que delegue, os días **13 e 14 de outubro de 2020 e 10, 11 e 12 de novembro de 2020** en cumprimento e aos efectos dos artigos 52 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954 e 56 e 57 do seu Regulamento, de 26 de Abril de 1957.

Prégolle a publicación no taboleiro oficial dese Concello da resolución que se acompaña coa relación das fincas propostas neste proceso expropiatorio.

Coa finalidade de levar confeccionada a acta na referida data prégoles, así mesmo, confirmen a esta Xefatura Territorial o nome e apelidos do Alcalde ou do Concelleiro/a que acorden designar para o dito acto.

Por último, infórmase a ese concello de que no desenvolvemento deste acto adoptaranse todas as medidas necesarias para garantir o distanciamento social entre as persoas, Igualmente, a entidade beneficiaria proporcionará mascarillas e xel hidro-alkohólico para as mans para todas aquelas persoas convocadas que non dispoñan delas.

A Coruña, 17 de setembro de 2020

O xefe de sección

Jesús Manuel Abad Bello



XUNTA DE GALICIA
Saída 37613 / RX 1258033
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE A CORUÑA
A CORUÑA
Data: 19/09/2020 11:25:03





Acordo do 16 de setembro de 2020 da Xefatura Territorial da Coruña, de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica, no concello de Ponteceso (expediente IN661A 2018/1-1).

Outorgada a declaración de utilidade pública que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada parque eólico Corme modificación substancial (repotenciación parque eólico Corme), no concello de Ponteceso (expediente IN661A 2018/1-1), por resolución da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, do 15 de maio de 2020, a favor da entidade beneficiaria EDP Renovables España, SLU, con enderezo en r/ Amio 114, Parque Empresarial Costa Vella – 15707 de Santiago de Compostela.

Esta xefatura territorial, de conformidade cos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e 56 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957, acorda sinalar **os días 13 e 14 de outubro e 10, 11 e 12 de novembro de 2020**, para o levantamento das actas previas á ocupación, nas que se describirán os bens ou dereitos expropiables e de imposición de servidume de paso de enerxía eléctrica, contidos na relación de fincas que se exporán xunto con esta resolución no taboleiro de edictos do concello de Ponteceso, deducida da que se publicou no DOG número 133 do 06.07.2020, acto ao que deberán concorrer as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas propostas como afectadas, ás que se lles practicará notificación individual sinalándoselles a data e os horarios do levantamento efectivo das actas previas á ocupación nas oficinas da casa consistorial do dito concello, todo isto sen prexuízo da posibilidade de acudir ao terreo se nese acto as persoas interesadas ou quen as represente así o soliciten.

Cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación, dirixíranse ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan destas, de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa. Neste caso, igualmente, publicarase un anuncio no taboleiro de edictos único (TEU) do *Boletín Oficial del Estado*.

A Coruña, 16 de setembro de 2020

Isidoro Martínez Arca

Xefe Territorial da Coruña

